

A ESCOLA DA VIDA

Eu controlo!

12.12.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

España é o terceiro país produtor de bebidas alcohólicas do mundo, e dispón de máis de 320.000 establecementos hostaleiros (un por cada 134 habitantes, a cifra máis alta da Unión Europea), que lles proporcionan traballo a uns 7.000.000 de traballadores.

Con este escenario, en Galicia estase redactando unha lei integral en materia de drogodependencias e outros trastornos adictivos, na que se postula a prohibición de consumir bebidas alcohólicas ata os 18 anos, algo xa acometido por outras comunidades, pero que segue a ser sistematicamente burlado. As causas hai que buscalas en que case a totalidade destes servizos hostaleiros seguen sen controlar a quen lle venden e a que as administracións competentes para sancionalos seguen ollando para outro lado. Por iso, non resulta estraño que, pese á elevación da idade, o inicio no consumo de alcohol siga a baixar, situándose agora en torno aos 14 anos, unha idade considerada polos especialistas como crítica polo factor engadido de alto risco que supón: o 50 por cento dos que empezan a esas idades teñen unha alta probabilidade de caer nun consumo abusivo e, froito diso, acabar sendo alcohólicos.

Por outra banda, os intereses lucrativos dalgún dos vinculados a estes negocios lévaos a razoar, por veces, en prexuízo da saúde dos mozos ("eu non os obrigo a que beban", "téñenos que controlar os pais", entre outras marabillas). Pero ¿e se a saturación deste mercado fose tomada en consideración polas administracións co fin de regulalo, facendo que para a apertura de novos establecementos se tivese en conta, á vez que a súa capacidade de supervivencia, as necesidades dos consumidores, como fan, por exemplo cos taxis, as farmacias ou con outros establecementos? Quizais así, ao dispoñer de máis consumidores, e, polo tanto, manexar unhas mellores marxes de beneficio, poderían baixar os seus prezos e mellorar os produtos ofertados, atraendo así a parte da clientela perdida polos botellóns. E quizais así, algúns destes empresarios deixarían de abusar da captación dunha clientela demasiado moza para beber pero que lles é necesaria para eles poderen sobrevivir. Esta pode ser outra das múltiples fórmulas e regulacións para adoptar co fin de pasar, dunha vez por todas, do *eu controlo* do mozo a un verdadeiro control social.